

A Intersindical-CSC amosa o seu apoio aos sindicalistas que serán xulgados o 18 de xaneiro



[1]

A Federació de Serveis da Intersindical-CSC, sindicato nacional de clase dos Países Cataláns irmandado coa CIG-Servizos, emitiu un comunicado de adhesión ás mobilizacións previstas para o 18 de xaneiro en apoio a Adolfo Naya e Marcos Cadórniga. A Federación de Servizos da CIG agradece profundamente esta mostra de solidariedade internacionalista dos e das compañeiras catalás.

17/1/12.

De seguido reproducimos o comunicado difundido pola Federació de Serveis da Intersindical-CSC. O texto orixinal en catalán pode ser consultado [aquí](#) [2]:

Compañeiros e compañeiras,

Desde a Federació de Serveis da Intersindical-CSC -e por extensión do conxunto da organización- queremos expresar o noso apoio ás mobilizacións en defensa da liberdade de acción sindical que está a desenvolver CIG-Servizos.

Como organizacións irmandadas no internacionalismo solidario e a colaboración mutua consideramos os ataques sufridos polos militantes de CIG-Servizos como unha aldraxe a nós mesmos/as.

Así mesmo, queremos expresar a nosa solidariedade e apoio aos compañeiros Adolfo e Marcos e rexeitar abertamente a xudicialización e represión que está a sufrir a lexítima defensa dos dereitos dos e das traballadoras.

Como ben din os e as compañeiras de CIG-Servizos “Defendérmonos como clase é un dereito, non un delito”. Non deixaremos de exercer estes dereitos.

Viva a Clase Traballadora!

Viva Galiza Ceibe!

Visca la Terra!

Federació de Serveis de la Intersindical-CSC

Novas relacionadas: [A CIG organiza concentracións solidarias cos compañeiros que serán xulgados o 18 de xaneiro](#) [3]

[Aprazado o xuízo contra Adolfo Naya](#) [4]

[O sindicato mobilízase contra a represión do Goberno español](#) [5]

[Paremos a represión sobre a CIG-Servizos! Concentración na Coruña o 28 de xuño](#) [6]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://www.fserveis.intersindical-csc.cat/comments.php?y=12&m=01&entry=entry120117-032437>

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2012.01.13/cig-organiza-concentraci%C3%B3ns-solidarias-cos-compa%C3%B1eiros-que-ser%C3%A1n-xulgados-o-18-de-xa>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.07.14/aprazado-o-xu%C3%ADzo-contra-adolfo-naya>

[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.06.28/o-sindicato-mobil%C3%ADzase-contra-represi%C3%B3n-do-goberno-esp%C3%B1ol>

[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.06.22/paremos-represi%C3%B3n-sobre-cig-servizos-concentraci%C3%B3n-na-coru%C3%B1a-o-28-de-xu%C3%B1o>